

## QUE É UNHA LIÑA DE CRÉDITO?

Unha liña de crédito é unha cantidade de diñeiro que o banco che deixa para usala cando a precisas, durante un tempo concreto.

Non tes que usar todo o diñeiro dunha vez. Podes ir gastándoo aos poucos, cando o precisas.

Por exemplo:

Tes unha liña de crédito de 20.000 € para utilizar durante 1 ano.

Se usas 5.000 € durante os 3 primeiros meses, aínda che quedan 15.000 € dispoñibles para usar durante os 9 meses seguintes.

Ti só pagas polo diñeiro que usas, non por todo o diñeiro que o banco che deixou.

É dicir, se usaches os 5.000 €, só pagarás por eses 5.000 €.

## **Fai falta ter diñeiro na conta?**

Non. A liña de crédito non depende do diñeiro que teñas na túa conta bancaria.

Polo tanto, non precisas usar os teus aforros e non importa se nese momento non tes diñeiro na conta.

## **Para que se pode usar?**

A liña de crédito é moi útil cando non sabes moi ben canto diñeiro vas gastar nin durante canto tempo.

Por exemplo, se tes que:

- facer unha reforma na casa,
- comprar mobles,
- comprar electrodomésticos
- ou cambiar a decoración.

Deste xeito, pides unha liña de crédito e vas comprando o que precisas, aos poucos.

O diñeiro que usas vaise descontando da liña de crédito, até chegar ao límite que che concede o banco e durante o tempo acordado.

## **Como se devolve o diñeiro?**

O banco concédeche un diñeiro para gastar e despois tes que devólvelo.

Normalmente devólvelo aos poucos, pagando unha cantidade cada mes.

Só pagas polo diñeiro que utilizaches.

## **Unha vantaxe moi importante: pódese reutilizar**

Isto significa que cando pagas as cotas cada mes, o diñeiro que devolves está dispoñible de novo.

Así, de o precisares, podes volver usalo dentro do tempo acordado.

## **E que pasa cando xa non precisas a túa liña de crédito?**

Tes varias opcións:

- Podes manter a liña de crédito aberta, por se máis adiante tes novos gastos.
- Podes pechar a liña de crédito, sen gastos extra, seguindo o que di o contrato que asinaches.

## **Consello final**

A liña de crédito pode darche tranquilidade se tes moitos gastos.

Antes de contratar unha, é importante que saibas:

- canto diñeiro che van conceder,
- durante canto tempo podes usalo
- e como terás que devolvelo.

Así poderás decidir se unha liña de crédito é unha boa opción para ti.